



## ELECCIÓN DOS/DAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS, ALUMNAS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS E ALUMNAS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous/dúas alumnos/alumnas**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son **electores** todos/as os/as alumnos/as matriculados/as no Centro e incluídos/as no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 10 de novembro.

3.- Son **elixibles** os alumnos e as alumnas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. **As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 04 de novembro ata as 14'00 horas do día 11 de novembro.**

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidatos/as, o día **18** de novembro, ás 11:30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos/alumnas, actuando de secretario/a o/a de menor idade.

7.- **A votación realizarase** neste IES o **24 de novembro** en horario de 8:45 a 11:15 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:45 horas. A votación levarase a cabo respectando as medidas establecidas para os centros educativos.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **dun nome** dos/as candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vilalba, a 3 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Mª del Socorro Trillo Leis